

O financiamento autonómico: un debate recorrente

Eduardo L. Giménez Fernández (*)

O tipo de gasto que realizan as Comunidades Autónomas (CC AA) e Entidades Locais están encamiñadas a satisfacer as necesidades máis próximas aos cidadáns. Velai a súa importancia. Para cubrir máis necesidades precísase máis gasto e, polo tanto, maior financiamento. Eis, o financiamento autonómico (e o das entidades locais) ven sendo un debate recorrente na democracia española.

A clave do problema está na desvinculación entre o gasto e o ingreso. O gasto é realizado polas CC AA; e os ingresos que sufragan ditos gastos os recauda, na súa meirande parte, o Estado Central. Así as CC AA apenas recaudan, e só están preocupadas en gastar, con indudáveis réditos políticos, o que conleva maiores demandas de recursos para financiar este gasto. Por exemplo, no caso galego, cun orzamento superior aos 10.000 millóns de euros, o seu gasto finánciase con un 15% de recadación de tributos propios, un 10% de transferencias da Unión Europea, e un 75%, ao redor de tres cuartos!, provén do Estado Central a través do Modelo de Financiamento vixente. Pola súa banda, o Estado Central non parece interesado en descentralizar a recadación por razóns económicas (economías de escala e de eficiencia ao ter un único sistema recaudatorio e supervisor), mais tamén políticas.

O xérmolo da discusión é, por tanto, cómo diseñar o reparto de transferencias dos recursos do Estado Central ás CC AA. Na actualidade este reparto consta de dous blocos. Un primeiro bloco consiste nos tributos recaudados directamente polo Estado mais que están cedidos ás CC AA, as cales determinan a taxa tributaria (por exemplo, o caso do imposto autonómico do IRPF, ou de algúns impostos como o tabaco e bebidas alcólicas). Para o caso galego consiste no 55% do 75% que lle transfere o Estado Central. Até eiquí as CC AA non discrepan do Modelo de Financiamento vixente.

Toda a discusión xurde no segundo bloco de transferencias: o Fondo de Suficiencia. O obxectivo deste fondo é equilibrar as diferentes capacidades de financiamento das CC AA de xeito que os cida-

dáns españois poidan ter acceso aos mesmos servizos cunha calidade semellante. Eiquí temos que ter en conta dúas cuestións. A primeira é que as CC AA non so realizan gastos sociais, senon que os seus Estatutos de Autonomía teñen encomendada a xestión de outras actividades propias (como a xestión dos portos

ou a política forestal no caso galego), que precisan de ser financiadas. En segundo lugar, a Constitución Española garante a autonomía de ingresos e gastos das CC AA, polo que o Estado Central non pode ligar o Fondo de Suficiencia a un gasto concreto da CC AA. Isto

significa que os recursos procedentes do Fondo de Suficiencia, repartidos con algún criterio e co obxecto de garantir a equidade entre os cidadáns, van integrarse no global dos ingresos das CC AA para satisfacer calquer gasto que realice.

Agora é doado entender o debate do financiamento: cada CC AA quere establecer uns criterios por suposto, fundamentados en necesidades sociais e de equidade na atención ao cidadán que lle ocasionen un maior nivel de transferencia

deste Fondo de Suficiencia, maiores recursos que lle van permitir gastar no que queira. Galiza busca máis diñeiro alegando a maior dispersión da poboación, ou os gastos ocasionados por ter unha lingua propia o que indubablemente ocasiona máis gastos administrativos... aínda que ao final o diñeiro adicional que se obtéña vaia a financiar unha mellora no peirao do porto de Burela, o asfaltado dunha pista en Lobios, ou para financiar o cableado de fibra óptica para o acceso universal de internet en toda Galiza. Como galegos seguramente estaremos moi contentos que se inclua este criterio no reparto. Porén, non podemos esquecer que o modelo non premia o gasto eficiente dos recursos nin o aforro: ben se poderían utilizar eses recursos adicionais en adquirir máis coches oficiais, financiar romarías e festas, ou en contratar máis funcionarios como pago político.

A cuestión final é se hai xeito de evitar este recorrente debate. O ideal sería ligar os gastos cos ingresos de cada CC AA. Esta era a idea da creación da Axencia Tributaria Galega. Mais ten varios problemas. O primeiro é a nivel práctico: cómo, qué

“O ideal sería ligar os gastos cos ingresos.

Esta era a idea da creación da Axencia Tributaria Galega. Mais ten varios problemas. O primeiro é cómo, qué e de quen recaudar? Por exemplo, aquelas empresas galegas que realizan actividades na Galiza e noutras CC AA”

e de quen recaudar? Por exemplo, cómo recaudar de aquelas empresas galegas que realizan actividades económicas na Galiza e noutras CC AA, mais tributan nunha terceira comunidade (caso de Fenosa)? O segundo refírese á equidade entre cidadáns: é a economía

galega capaz de financiar todos os gastos aparelados cas súas responsabilidades estatutarias, incluídos os servizos aos cidadáns? Isto levaría novamente a unha negociación a nivel estatal para equilibrar as necesidades entre os cidadáns.

Visto que completamente non se vai poder evitar o debate, polo menos se podería mitigar. Unha proposta sería separar o Fondo de Suficiencia en dous subfondos. Un primeiro Fondo de Suficiencia Social buscaría financiar servizos básicos a todos os cidadáns: xustiza, seguridade, educación, sanidade e servizos sociais. Calculado o gasto de satisfacer estes servizos per cápita, podería existir un criterio técnico unificado de reparto entre todas as CC AA, actualizábel anualmente. Quedaría, pois, o reparto do remanente de recursos nun Fondo de Suficiencia ExtraSocial, agora moito menor, onde asistiríamos novamente a novos debates e ao trabegar de presidentes de CC AA a Madrid para negociar e sacar algún partido político dos seus éxitos. Isto semella inevitábel, mais en algo temos que ter entretidos aos nosos políticos.

Eduardo L. Giménez Fernández é profesor do Depto. de Fundamentos da Análise Económica, e Historia e Institucións Económicas da Universidade de Vigo

